

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONUI0E0	<i>Expediente</i> CON/15/2010	<i>Fecha</i> 06-04-10 09:20

*Asunto*

Implantación dun portal de contratación pública electrónica,  
incluída no FES 2010 - Prego Prescripciones Técnicas

**PREGO DE CLÁUSULAS TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DUNHA PLATAFORMA DE  
CONTRATACIÓN ELECTRÓNICA PARA O CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.**

**1. OBXECTO**

Subministro, implantación e posta en marcha dunha aplicación de xestión integral de contratación pública electrónica para o Concello de Santiago de compostela.

**2. OBXECTIVOS E ALCANCE**

**OBXECTIVOS**

Con este proxecto o Concello de Santiago de Compostela pretende acadar o seguintes obxectivos:

- Impulsar a modernización do Concello mellorando os servizos de xestión por medio das novas tecnoloxías.
- Axilizar e optimizar as relacións do Concello cos seus cidadáns a través de canles bidireccionais de comunicación baseadas nas novas tecnoloxías.
- Optimizar o uso dos recursos municipais no backoffice e frontoffice dos procedementos para a súa mellora.
- Habilitar e preparar a integración da plataforma de servizos do Concello de Santiago de Compostela coas doutras Administracións Públicas, ofrecendo servizos e información integrais aos cidadáns.
- Adquisición de know-how que lle proporcione autonomía ao Concello de Santiago de Compostela na futura evolución do sistema resultante.
- A axilidade e normalización dos procedementos, co efecto inducido do incremento da xestión e execución orzamentaria dos órganos xestores.
- Integración con servizos horizontais en materia de sistemas de información tales como rexistro telemático, firma electrónica, xestor documental, notificacións, compulsa dixital, etc. que faga posible o seu desenvolvemento.

**ALCANCE**

Durante o desenvolvemento desta actividade deseñaranse, construíranse e integraranse os compoñentes, e desenvolveranse os procesos de conversión de datos e interfaces con outros sistemas.

Abordaranse as seguintes tarefas:

- Construción dun portal front-end de Contratación Electrónica.
- Implantación ou integración dos compoñentes comúns de administración electrónica que darán soporte ao devandito portal, a saber, os módulos de:

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONUI0E0	<i>Expediente</i> CON/15/2010	<i>Fecha</i> 06-04-10 09:20

- Notificación telemática.
  - Rexistro telemático.
  - Sinatura electrónica.
- Creación dun marco de interoperabilidade, mediante a construción de interfaces de comunicación, entre os anteriores compoñentes con:
    - Rexistro de Licitadores da Xunta de Galicia.
    - Boletíns oficiais de publicacións (BOE, DOGA, etc).
  - Configuración de parámetros específicos para os distintos desenvolvementos, considerando que antes de comezar a construción do piloto é necesario configurar as condicións de traballo dos sistemas.
  - Construción e execución dos módulos principais, entre eles o front-end Web para a interacción co cidadán no que haberá que considerar:
    - Implantación de ámbitos funcionais: xestión de solicitudes de información, mecanismos de procura e localización da información, etc.
    - Implantación de elementos do deseño: look&feel, esquema de navegación, esquema de roles e seguridade, etc.
  - Execución de probas para validar o correcto funcionamento dos compoñentes.
  - Posta en servizo do sistema piloto.
  - Xeración da documentación soporte para os módulos creados (probas, de posta en servizo, operación, explotación, etc.)
  - Execución de probas funcionais, de tensións de compoñentes, de integración, de rendemento e dos informes asociados. Esta actividade ten como obxectivo probar de forma conxunta e integrada os compoñentes construídos, incluíndo todos os desenvolvementos e configuracións obtidos nas actividades anteriores, así como a integración co resto de aplicacións en produción.

## RESULTADOS PREVISTOS

- Informe de probas.
- Plan de posta en marcha.
- Código dos módulos e funcionalidades piloto desenvolvidos.

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONUI0E0	<i>Expediente</i> CON/15/2010	<i>Fecha</i> 06-04-10 09:20

- Documentación técnica completa dos compoñentes piloto desenvolvidos.
- Manual de instalación, configuración e operación destes compoñentes.
- Documentación de usuario: Manuais de formación, Manuais de usuario.

### **Despregamento do Portal de Contratación.**

Nesta fase, cos detalles de deseño xa validados e coa integración da plataforma co resto de sistemas xa superada, procédese a desenvolver e documentar o resto de funcionalidades que non se levasen a cabo no sistema piloto.

Continuaranse as tarefas anteriores e abordaranse as seguintes tarefas:

- Posta en servizo do sistema global de contratación electrónica do Concello de Santiago de Compostela.
- Xeración da documentación soporte para os módulos creados (probos, de posta en servizo, operación, explotación, etc.)
- Creación dun plan de formación detallado sobre os contidos e melloras que proporciona a Plataforma para os usuarios da administración.
- Documentación de usuario, explotación e implantación do sistema.

### **RESULTADOS PREVISTOS**

- Plan de posta en marcha da plataforma.
- Código de tódolos compoñentes do sistema.
- Documentación técnica completa da plataforma de tramitación.
- Manual de instalación, configuración e operación de todo o sistema, documentando de xeito preciso a integración entre os módulos.
- Documentación de usuario: Manuais de formación, Manuais de usuario.
- Formación aos axentes administrativos que utilizarán o Portal de Contratación.

O proxecto inclúe o deseño, desenvolvemento, instalación e posta en marcha do software obxecto de contrato que permita a prestación dos servizos que se indican neste prego.

A solución debe dar soporte completo á tramitación de expedientes de contratación e incluírá todos os módulos software necesarios para o seu correcto funcionamento e explotación. En particular, incluírá:

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONUI0E0	<i>Expediente</i> CON/15/2010	<i>Fecha</i> 06-04-10 09:20

- a) O propio módulo de contratación electrónica.
- b) Todos os servizos horizontais en materia de sistemas de información na administración electrónica, como é o caso do rexistro telemático, a sinatura electrónica, a notificación telemática, a compulsa electrónica, etc.

O proxecto implica ademais a integración cos sistemas xa existentes enumerados neste prego, como é o caso do xestor de expedientes e rexistro AUPAC ou o portal municipal para a súa publicación a través de Internet.

Formarán tamén parte do alcance do proxecto os labores de asistencia, formación e documentación técnica e de usuario, que permitan a posta en funcionamento e mantemento de xeito óptimo.

En todo caso, os traballos do adxudicatario incluírán todas as tarefas necesarias para acadar o obxecto do contrato e, en particular:

- Consultaría.
- Deseño gráfico.
- Análise e integración das aplicacións actuais
- Análise da programación xeral e desenvolvemento das ferramentas infotecnolóxicas necesarias.
- Definición da arquitectura de contidos.
- Recompilación e tratamento da información e documentación.
- Implantación de hardware e software necesarios
- Integración co equipamento e software informático existente
- Probas de funcionamento, rendemento e integración.
- Formación e asesoramento de usuarios.

O Concello está a adquirir unha solución informática, polo que debe quedar completamente operativa e dispoñible para entrar en fase de explotación en todas as súas facetas.

### **3. REQUISITOS XERAIS**

#### REQUISITOS XERAIS DE CARÁCTER FUNCIONAL

O sistema de información cumprirá con seguintes requisitos de carácter xeral:

**Facilidade de uso:** As aplicacións dotaranse de mecanismos que permitan a facilidade de uso, aprendizaxe e ergonómia da mesma:

- Pantallas cunha presentación cómoda e non saturada de información,
- Interface típica de entorno Windows ou web se é o caso.
- Homoxeneidade nas teclas de función, iconas e menús.

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONUI0E0	<i>Expediente</i> CON/15/2010	<i>Fecha</i> 06-04-10 09:20

- Axuda en liña relativa ás funcións ou campos activos (Help).
- Navegación polas distintas táboas ou módulos desde calquera función executable.

**Organización de postos de traballo:** Poderase definir para cada posto de traballo as funcións e accesos a datos permitidos segundo a súa responsabilidade.

**Parametrización:** Un grao aceptable de parametrización que permita adecuar a aplicación á organización actual e, por outra banda, evitar ou minimizar a necesidade da intervención de técnicos informáticos na súa explotación diaria.

**Unicidade:** Integración de todos os módulos, de xeito que sexa doado acceder á información desde calquera parte da aplicación. Ademais, deberán proporcionar un único sistema de identificación e control de acceso ás distintas opcións, aberto e parametrizable mediante a creación de perfís e a definición de usuarios.

**Estrutura:** Toda a información xestionada estará relacionada lóxica e funcionalmente de tal xeito que sexa posible a súa explotación desde o punto de vista de cada perfil de usuario. En concreto, basearase na creación de expedientes únicos relacionados, podendo extraerse, para un determinado expediente de contratación, toda a información relevante en cada momento.

Todos os procesos que xeren cálculos poderán ser definidos sen necesidade de programación por un usuario experto.

Existirán ferramentas que permitan definir listados e informes sen ter que modificar os programas, podendo ser deseñados por usuarios expertos.

Debe ser posible a conexión con aplicacións externas, especialmente ofimáticas, de xeito que se poidan xerar estatísticas e gráficos co fin de utilízalos como apoio á xestión e toma de decisións.

Todas as entradas e saídas da aplicación deben poder ser xeradas en castelán ou galego, sendo esta segunda opción a habitual.

## REQUISITOS XERÁIS DE CARÁCTER TÉCNICO

As características xerais que debe cumprir o sistema son as seguintes:

**Dinamismo:** En todas as tarefas obterase unha resposta ás instrucións do usuario coa suficiente rapidez como para que este poida traballar de forma eficiente e continuada.

**Seguridade:** O sistema responderá ás máximas esixencias de seguridade no acceso á información e manipulación, na integridade dos datos e na capacidade de recuperación en caso de fallo. Terá en conta a sensibilidade dos datos de carácter personal utilizados.

**Modularidade:** O sistema descomponse nun conxunto de módulos, cada un dos cales teña un tamaño manexable, unha finalidade ben definida e unha relación, tamén ben definida, co exterior.

**Parametrización:** A aplicación estará deseñada de forma que permita realizar facilmente os cambios necesarios nos parámetros fundamentais. Estará deseñado de tal xeito que o persoal do Concello poida levar a cabo a devandita parametrización alomenos a un nivel básico de xeito autónomo.

**Eficacia:** Permitirá, mediante a integración das súas funcións, dar resposta a todas as necesidades de xestión municipal expostas neste prego. O deseño da aplicación facilitará a operativa sen detrimento na integración da información.

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONUI0E0	<i>Expediente</i> CON/15/2010	<i>Fecha</i> 06-04-10 09:20

**Orientación ao usuario:** Por medio dunha coidadosa documentación dirixida ao usuario final. Os programas serán de doado manexo, orientados a usuarios sen formación informática.

**Flexibilidade:** Permitirá a doada inclusión de módulos que poidan complementar o sistema no futuro.

**Automatización:** Intentarase automatizar ao máximo todos os procesos do sistema e, en particular, os relativos á implantación do mesmo.

**Compatibilidade técnica:** Tanto coa plataforma tecnolóxica utilizada polo Concello, como coas bases de datos corporativas e as restantes aplicacións informáticas de xestión sempre que sexa posible e procedente.

**Soporte:** Poderán realizarse tarefas de soporte, mantemento e actualización mediante algún sistema de telecomunicacións (p.e., vía acceso a Internet).

### OUTROS REQUISITOS XERAIS

A solución ofertada dará cumprimento ao marco lexislativo vixente na materia e, en particular,

- Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do Sector Público.
- Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.
- Ley 56/2007, de 28 de decembro, de medidas de impulso da Sociedade da Información
- Lei 59/2003, de 19 de decembro, de sinatura electrónica.
- Lei 34/2002, de 11 de xullo, de servizos da sociedade da información e de comercio electrónico.

## 4. REQUISITOS FUNCIONAIS

O portal de contratación é a canle centralizadora da comunicación dos órganos de contratación con tódolos axentes externos involucrados nos procesos de contratación e permite a tramitación - extremo a extremo- dos procedementos de contratación de forma electrónica.

Os principais módulos que integrarán este portal son os que se mostran no seguinte gráfico e se discuten a continuación:

### Portal de contratación electrónica

Constitúe o Front-Office da plataforma e proporciona a interface de comunicación e intercambio de información daqueles licitadores que desexen iniciar os procesos de contratación coa administración de xeito telemático. Inicialmente contará cunhas características principais que serán:

O acceso levarase a cabo empregando o certificado dixital de xeito que cada unha delas poida acceder cunha autenticación segura.

Capacidade, por parte da empresa, de comezar o proceso de participación nunha oferta de contratación presentando toda a documentación precisada (avais, formularios, etc.) con validez legal e garantías de confidencialidade.

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONUI0E0	<i>Expediente</i> CON/15/2010	<i>Fecha</i> 06-04-10 09:20

Implementación dunha potente ferramenta de procura das licitacións ofrecidas pola administración e descarga da documentación asociada.

Será o punto de comunicación bidireccional da empresa coa administración de xeito que dende esta se lle poida requirir información adicional (por exemplo nun proceso de subsanación) e lla poida facilitar ao mesmo tempo que poda comunicarse de “motu propio” con aquela.

Marcará un punto de inflexión na evolución das aplicacións tradicionais, proporcionando unha ferramenta enfocada ao usuario final xerando colaboración e servizos de calidade. Esta actitude, que se representa na web 2.0, baséase no principio de que a web é a plataforma e a información é o procesador.

Cumprirá os requisitos da nova lei 30/2007, sendo de especial interés a creación “perfil do contratante”.

O sistema de licitación electrónica ofrecerá servizos de información e tramitación para a empresa licitadora, co fin de garantir a concorrencia e igualdade de oportunidades no proceso, e en cumprimento cos fitos de administración electrónica previstos.

O sistema de licitación electrónica servirá como intermediario entre as empresas licitadoras e o Concello de Santiago, de tal xeito que as empresas licitadoras poderán realizar as xestións relacionadas coa licitación de ofertas de contratación pública de modo telemático.

Permitirá a xestión de procedementos de contratación electrónicos de interacción entre Órganos de Contratación e as empresas provedoras.

- Funcionalidades necesarias para o Órgano de Contratación:
  - Xeración do espazo virtual de contratación para cada licitación.
  - Publicación de licitación no perfil do contratante.
  - Recepción de ofertas electrónicas.
  - Inclusión de ofertas ‘en papel’.
  - Envío de notificacións y avisos.
  - Apertura segura de plicas.
  - Solicitude y recepción de documentación adicional ou subsanación de erros.
  - Xeración e firma e envío del contrato.
  - Recepción e almacenamento do contrato firmado.
  
- Funcionalidades para a empresa provedora
  - Búsqueda de licitacións.
  - Subscrición a licitacións do órgano de contratación.
  - Consulta e seguimento de licitacións.
  - Creación e envío de ofertas telemáticas.
  - Envío de documentación adicional e subsanación de erros.
  - Recepción e firma do contrato.

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONUI0E0	<i>Expediente</i> CON/15/2010	<i>Fecha</i> 06-04-10 09:20

### Integración - interoperabilidade

- Integración cos sistemas do concello (servizos horizontais, AUPAC, ...)
- Interoperabilidade con outros sistemas (Rexistro contratistas, Plataforma de contratación do estado, ...)

### Perfil do Contratante

O "Perfil do Contratante" é el lugar da páxina web das administracións públicas no que se publica a información relativa á contratación administrativa, tales como os anuncios de licitación, as adxudicacións provisionais e definitivas e os pregos de contratación. Está regulado no artigo 42 da Lei de 30/2007, de 30 de outubro de contratos do sector público, e debe contar cun dispositivo informático que garante a autenticidade da fecha e hora de inicio da publicación no sitio web.

O portal de contratación permitirá ó órgano de contratación a publicidade das súas contratacións según marca a normativa vixente, nun entorno usable e accesible para os licitadores e permitindo acreditar fehacemente o momento de inicio da difusión pública da información que se inclúe no mesmo. A publicidade inclúe a publicación da seguinte información:

- Anuncios previos (opcional).
- Anuncios de licitación.
- Adxudicación provisional.
- Adxudicación definitiva
- Acordos marco.
- Licitacións abertas ou en curso e a súa documentación (opcional).
- Contratacións programadas (opcional).
- Outros contratos adxudicados (opcional).
- Procedementos anulados (opcional).
- Puntos de contacto e medios de comunicación co órgano de contratación

### Accesibilidade, seguridade e transparencia

#### Dispoñibilidade do sistema

O feito de que Internet sexa unha ferramenta que está operativa as 24 horas do día, o acceso á maioría das operacións de contratación electrónica (navegación pola aplicación, rexistro, descarga de documentos, envío de propostas aos participantes, etc.) deberían estar accesibles tamén as 24 horas. Non obstante, existen limitacións razoables, como os labores de mantemento que poden deixar non operativo o sistema, e outras tarefas que non deberían estar dispoñibles máis que nas "horas de oficina" (por exemplo poxas, apertura de plicas, etc.)

#### Acceso á información e seguridade desta.



<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONUI0E0	<i>Expediente</i> CON/15/2010	<i>Fecha</i> 06-04-10 09:20

O acceso aos documentos do concurso de contratación, sempre seguindo as directrices esbozadas pola directiva europea e a nova Lei 30/2007, poderán ser accedidos, aínda que sexa soamente para a visualización, por calquera usuario as 24 horas do día durante o tempo da fase de presentación de solicitudes, aínda que para a súa descarga ou remisión o usuario deberá estar rexistrado no sistema.

Toda a información almacenada deberá contar cunha sinatura electrónica que garanta a súa autenticidade.

### **Apertura de plicas**

O proceso de apertura dos datos recibidos asúmese como un proceso en liña de xeito simultáneo permitido unicamente ás persoas designadas ás cales se lles terán facilitado previamente uns certificados dixitais ou contrasinais privados.

A información xerada por este proceso debe ser almacenada polo sistema coa finalidade de auditar a posteriori quen e cando tivo acceso a qué información. Na contratación electrónica, esta información pode ser posta a disposición inmediatamente, o cal reporta un aforro de tempo e cartos.

Neste proceso primeiramente haberá uns axentes que son os encargados de habilitar a apertura da información, ata que todos eles non desen o seu consentimento ningún poderá comezar a avaliar a información presentada. Unha vez que isto ocorra, os axentes implicados no proceso de avaliación das ofertas poderán descargarse e visualizar toda a información recibida e puntuala.

Outra opción que se deberá permitir é o cambio de data na cal este proceso ten lugar. Neste caso, deberase permitir sen que isto comprometa a seguridade dos documentos custodiados ou a confidencialidade dos ofertantes.

## **5. REQUISITOS TÉCNICOS**

### **PLATAFORMA TECNOLÓXICA**

A aplicación deberá funcionar ou ben baixo un entorno cliente/servidor ou ben con clientes nun entorno web, o que se valorará positivamente, e cumprindo en todo caso as seguintes condicións:

- O sistema operativo dos servidores poderán ser tanto Linux como Windows 2003 ou superior. Deberá soportar a súa implantación en servidores virtuais. O Concello conta actualmente coa plataforma de virtualización vmware.
- O servidor de base de datos corporativa actual executa Linux formando unha estrutura en clúster.
- Os servidores de aplicacións e ficheiros utilizan plataformas x86 con sistemas operativos de Microsoft.

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONUI0E0	<i>Expediente</i> CON/15/2010	<i>Fecha</i> 06-04-10 09:20

- Utilizará un xestor de base de datos relacional que garanta a seguridade dos datos ante calquera anomalía e a integridade referencial. Na actualidade o Concello dispón como xestor corporativo de Oracle 10g aínda que estase a levar a cabo a migración á versión 11.
- Será compatible co sistema de xestión de terminais Windows Terminal de Microsoft e con Metaframe de Citrix (en breve o Concello contará coa nova versión XenApp 5), podendo levar a cabo a instalación nestes sistemas ou en local sobre clientes Microsoft cando sexa necesario e segundo o requira o Concello.
- As sentencias de acceso aos datos reunirán as características da linguaxe estándar SQL de tal xeito que se permita a portabilidade e migración dos datos a outras plataformas non directamente soportadas pola aplicación.
- Deberá ser posible o acceso vía ODBC para a explotación da base de datos.
- Tratarase de aplicacións desenvoltas co formato habitual das aplicacións Windows ou de entorno web, e deseñadas de tal xeito que permitan un uso áxil e eficiente á hora de acceder ou introducir información.
- Estarán desenvoltas sempre mediante linguaxes de programación estándares de mercado.
- No presentará ningún problema derivado do tratamento de campos de data.
- A aplicación deberá estar correctamente deseñada para soportar o volume de información que manexa o Concello de Santiago de Compostela e dará un tempo de resposta mínimo nos procesos transaccionais.
- Valorarase a súa adaptación ao modelo INDALO e a calquera outro estándar de aplicación.
- Utilizarán como plataforma de comunicacións unha rede Ethernet conmutada con protocolo TCP/IP. A conexión habitual dos ordenadores no Concello é 100 ou 1000 Mbps.
- Valorarase a posibilidade de integración con servicios de directorio compatibles LDAP, para a súa conexión co sistema municipal.
- O sistema será aberto e escalable, permitindo o crecemento progresivo tanto en número de usuarios como en volume de expedientes.

A oferta incluirá un apartado no que se indicarán os requirimentos técnicos tanto en hardware como en software que a solución proposta presenta.

## SOFTWARE DE XESTIÓN

O Concello de Santiago de Compostela conta na actualidade con diversas aplicacións informáticas de xestión verticais, entre as que se atopan a xestión contable e orzamentaria, a xestión tributaria e recadatoria, a xestión de padrón de habitantes ou a xestión de nómina e recursos humanos.

Adicionalmente, o Concello conta cunha aplicación de xestión de expedientes (AUPAC) instalada no Rexistro Xeral, Xunta de Goberno e múltiples departamentos, incluído o propio departamento de Contratación que na actualidade ven utilizando esta ferramenta para a xestión dos expedientes.

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONUI0E0	<i>Expediente</i> CON/15/2010	<i>Fecha</i> 06-04-10 09:20

As aplicación verticais e horizontais utilizan os servidores corporativos. En concreto, o servidor de base de datos centraliza o aloxamento da información procedente das distintas aplicación.

## CONTORNO WEB

O Concello de Santiago de Compostela conta cun portal web ([www.santiagodecompostela.org](http://www.santiagodecompostela.org)) que sirve como punto único de entrada para os distintos servizos de administración electrónica.

A solución ofertada debe estar pensada para a súa integración no portal municipal do Concello como un servizo máis.

A nivel tecnolóxico, o devandito portal atópase aloxado en servidores alugados e conectados co centro de proceso de datos a través dun enlace de alta velocidade. Actualmente utilizan sistema operativo Linux e xestor de base de datos MySQL realizándose a programación en PHP4/5. O portal conta cun servidor de contidos propio. Valorarase a utilización de tecnoloxías compatibles, aínda que tamén se admite unha solución diferente que permita, en todo caso, a integración lóxica e visual co portal existente.

## 6. REQUISITOS DE SEGURIDADE

Os requisitos que se contemplan neste apartado son os seguintes:

- Restricción de utilización do sistema e acceso a datos mediante o establecemento dun sistema que permita a identificación, autenticación, xestión de dereitos de acceso e, no seu caso, xestión de privilexios.
- Cobertura aos requisitos establecidos pola lexislación en materia de protección de datos.
- Garantía de dispoñibilidade do servizo e da información, e de trazabilidade das transaccións realizadas.
- Protección do sistema fronte a manipulacións non autorizadas, de tal xeito que o correcto funcionamento do sistema non se vexa alterado por axentes fóra de control do administrador.
- Garantía de integridade, mediante o establecemento de mecanismos que eviten a perda ou corrupción de datos.
- O sistema debe deixar constancia da transmisión e recepción de comunicacións, asegurando a identificación fidedigna do emisor e receptor, e garantizando a recepción e acuse de recibo, e a confidencialidade.
- O sistema debe prever e soportar una conexión de telecomunicacións segura no seu intercambio de información con outras Administracións e co cidadán.
- O sistema soportará e incorporará a utilización de certificados electrónicos e de selado de tempo para a correcta validación das comunicacións, tal e como establece a lexislación.

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONUI0E0	<i>Expediente</i> CON/15/2010	<i>Fecha</i> 06-04-10 09:20

## 7. CALIDADE DO PRODUTO

A aplicación contará cun deseño e implementación que cumpran uns estándares mínimos de calidade e baseado nunha metodoloxía de traballo que permita acadar un produto facilmente mantible e actualizable.

Unha vez entregado o produto obxecto de contrato, o persoal de Informática do Concello de Santiago de Compostela deberá estar en disposición de levar a cabo ese mantemento e actualización de xeito autónomo.

Sempre que sexa posible utilizarase software libre.

Sempre que sexa posible utilizaranse estándares abertos. Nos casos nos que isto non sexa posible, formará parte do produto toda a documentación necesaria para a súa explotación.

Así mesmo cumprirá, cando corresponda, a Recomendación do World Wide Web Consortium "Directrices de Accesibilidade do Contido na Web 2.0", no seu nivel AA. Nos casos nos que non sexa de aplicación, o sistema debe aproximarse o máis posible ás súas recomendacións, amosando en todo caso unha usabilidade e accesibilidade axeitada.

O produto debe contar con toda a documentación necesaria para unha correcta explotación e mantemento. Así mesmo, debe garantizarse a posibilidade de acceso directo á información xerada polo sistema para a súa explotación en procesos estatísticos ou doutra índole.

## 8. SERVIZOS ASOCIADOS AO PRODUTO

### *Traspaso de información*

O proxecto incluírá o traspaso de tanta información sexa utilizable e dispoñible nas aplicacións informáticas actuais utilizadas polo departamento de Contratación.

### *Formación de Usuarios*

Deberá detallarse na oferta os plans de formación que se propoñen, os niveis de formación e todos aqueles ítems referidos a cantidade e calidade da formación presupostada.

### *Asistencia técnica á implantación.*

O adxudicatario deberá incluír na oferta os servizos necesarios para o subministro e posta en marcha do sistema obxecto de concurso, aportando para elo os recursos que considere necesarios.

No caso de que a implantación dun servizo ou mellora no funcionamento do sistema requira a modificación da aplicación informática, deberán detallarse cales son os cambios necesarios.

## 9. MATERIAL E DOCUMENTACIÓN A ENTREGAR E FORMATO

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONUI0E0	<i>Expediente</i> CON/15/2010	<i>Fecha</i> 06-04-10 09:20

A documentación entregarse no formato electrónico que o Concello determine e, no seu caso, será posible a importación directa en paquetes ofimáticos ou de tratamento cartográfico estándar co fin de que poidan recibir un tratamento informático posterior.

Isto será especialmente de aplicación no caso de que a devandita información inclúa datos estruturados en rexistros ou fichas, sobre os que será posible en calquera caso extraer de xeito automático a información de cada campo.

En todo caso, a información subministrada incluirá:

- Manual de usuario a nivel básico e avanzado, para a normal explotación e un óptimo aproveitamento da solución subministrada.
- Manual técnico, que permita unha normal administración e mantemento da solución subministrada, así como a explotación da información xerada pola aplicación.
- Modelo de datos e calquera outra información técnica necesaria para a explotación dos datos xerados polo sistema de xeito independente a este. Neste senso, considérase que a información xerada polas distintas aplicacións municipais deben estar disponibles e accesibles para a súa explotación en procesos estatísticos ou operativos.

## **LUGAR DE TRABALLO**

O sistema implantarase nas dependencias do Concello de Santiago de Compostela que este determine. En todo caso, os equipos clientes atoparanse nas dependencias do departamento de Contratación e a implantación ao nivel de servidores terá lugar no centro de proceso de datos.

## **EQUIPO DE TRABALLO**

A empresa ofertante deberá incluír referencias do equipo de traballo, indicando como mínimo o perfil profesional de cada membro que permita identificar a súa idoneidade, así como a responsabilidade asignada.

O equipo de traballo incluirá un director de proxecto e cantos técnicos considere oportunos para o éxito dos traballos. En todo caso, nomeará a un interlocutor único ante o Concello para a este proxecto.

O equipo de traballo contará ademais con todo o persoal necesario e capacitado especificamente para a implantación da solucións ofertada que forme parte do proxecto. En particular, contarán con coñecementos e experiencia demostrada en implantación ou integración de sinatura electrónica e autenticación mediante certificados dixitais así como na implantación de proxectos de contratación electrónica.

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONUI0E0	<i>Expediente</i> CON/15/2010	<i>Fecha</i> 06-04-10 09:20

O persoal terá a dispoñibilidade necesaria para a execución das súas correspondentes tarefas, adaptándose á xornada laboral do Concello. Poderá non obstante acordarse a realización de tarefas fóra da xornada laboral cando así o requira o proxecto.

Calquera modificación do equipo de traballo con respecto ao presentado na oferta deberá ser aprobado expresamente polo Concello. Isto será así tanto na fase previas ao inicio do proxecto como durante a súa execución, e incluso no caso de que o perfil sexa igual ou superior ao da persoa substituída.

En todo caso, o adxudicatario comprométese a manter un equipo de traballo constante durante toda a execución do proxecto, de tal xeito que as únicas modificación que se produzan serán debidas a causas de forza maior.

### **CALIDADE DO PRODUTO**

A aplicación contará cun deseño e implementación que cumpran uns estándares mínimos de calidade e baseado nunha metodoloxía de traballo que permita acadar un produto facilmente mantible e actualizable.

Unha vez entregado o produto obxecto de contrato, o persoal de Informática do Concello de Santiago de Compostela deberá estar en disposición de levar a cabo ese mantemento e actualización de xeito autónomo.

Así mesmo, a documentación permitirá a reusabilidade dos distintos compoñentes do software desenvoltos, co fin de que poidan ser utilizados en posteriores proxectos.

### **PRESENTACIÓN DAS OFERTAS**

As ofertas estarán estruturadas conforme os distintos apartados do prego e máis concretamente dos criterios de adxudicación.

Ademais, incluirán un índice que permita acceder directamente aos puntos da oferta nos que se definen as características correspondentes a cada apartado.

As ofertas incluirán toda a información requirida neste prego. Neste aspecto, considerarase como información de obrigada inclusión aquela necesaria para a correcta avaliación dos *criterios de adxudicación*. Ademais, especificarán con claridade qué elementos forman parte da oferta e o alcance e nivel de detalle acadado en cada caso.

Utilizaranse os impresos que se achegan, se é o caso, podendo utilizar outros equivalentes sempre que a información contida sexa a mesma que se solicita nos propostos e igualmente accesible e identificable.

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONUI0E0	<i>Expediente</i> CON/15/2010	<i>Fecha</i> 06-04-10 09:20

Os licitantes poderán aportar calquera información adicional que consideren oportuna, pero de tal xeito que sexa en todo momento posible o acceso directo á información que o apartado criterios de adxudicación indican.

### **CONDICIÓNS XERAIS**

A elección e adxudicación por parte do Concello do subministro obxecto do contrato, non suporá en ningún caso, que se acepte absolutamente na súa totalidade a solución proposta, podendo, se así ou considera oportuno, por si mesma ou na persoa na que delegue, introducir modificacións que non spoñan alteración ao orzamento adxudicado.

Esta facultade estenderase no só ou proxecto, senón que terá vigor ao longo da execución de todos os traballos e dentro do marco de control e seguimento exercido polo Concello.

### **PROPIEDAD INTELECTUAL**

Todos os ficheiros e información que o Concello poña a disposición do personal da empresa ou empresas adxudicatarias para a execución dos servizos contratados, son propiedade en exclusividade do Concello de Santiago de Compostela.

En consecuencia, non poderán ser reproducidos total ou parcialmente, sen a previa e expresa autorización do Concello.

O adxudicatario é responsable da cobertura legal do material que aporte para o desenvolvemento do obxecto do contrato.

O adxudicatario asume que o Concello de Santiago de Compostela é propietario dos produtos resultantes da execución do contrato (diagnósticos, estudos de requisitos, análises, etc.), sen prexuízo da utilización e subministro de produtos licenciados necesarios para a consecución do obxectivo final.

### **SECRETO PROFESIONAL E CONFIDENCIALIDADE**

O adxudicatario oblígase a realizar o seus traballos baixo a cláusula de secreto profesional e en consecuencia a totalidade dos documentos que lle sexan confiados ou que sexan emitidos polo adxudicatario serán considerados como estrictamente confidenciais.

En consideración ao tipo de información procesada, o adjudicatario está obrigado a manter a máis absoluta confidencialidade de todos aqueles datos e documentos entregados polo Concello e/ou que se atopen nas súas instalacións.

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONUI0E0	<i>Expediente</i> CON/15/2010	<i>Fecha</i> 06-04-10 09:20

A estes terán acceso, exclusivamente, aquelas persoas estritamente imprescindibles para o desenvolvemento das tarefas inherentes a este contrato. Todas elas serán advertidas do carácter confidencial e reservado de la información.

### **TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL**

O tratamento de datos de carácter persoal por parte do adxudicatario requirirá a comunicación previa ao Concello e a súa aceptación expresa co fin de que este poida exercer as súa función como responsable do ficheiro.

En caso de ser necesaria a utilización de datos de carácter persoal, estarase ao disposto na lexislación en materia de protección de datos de carácter persoal, e ao Regulamento municipal de seguridade para a protección de datos de carácter persoal, procedendo con carácter previo a toda cesión ou tratamento a realizar todas as actuacións destinadas a dar a correspondente cobertura legal.

A este respecto, o departamento de Contratación xestiona datos de carácter persoal de nivel medio.

### **MODIFICACIÓNS**

O adxudicatario non poderá introducir ou executar modificación algunha na realización dos traballos sen a debida aprobación por parte do Concello. Poderanse establecer acordos na modificación do produto ou servizo e no plan de execución sempre que non se incumpra o obxectivo final do proxecto e non supoña unha variación económica.

**O XEFE DE INFORMÁTICA,**

**A XEFE DE SERVIZO DE CONTRATACIÓN**

**Asdo.: Jesús Rodríguez Castro**

**Asdo.: Rocío Montañés Fernández**